

A Disposición transitoria primeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, na súa redacción dada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, sinala que *“Con independencia da lei que se aplique ao procedemento, resultarán aplicables as previsións sobre cambios de titularidade reguladas no artigo 41.3 desta lei.”*

O antedito apartado 3 do artigo 41 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, establece respecto dos cambios de titularidade que tanto na fase de Bases como de Acordo de reestruturación parcelaria, tramitaranse os cambios que se presenten antes da data límite que se determine mediante resolución da dirección xeral competente na materia, e por proposta do servizo provincial.

O Acordo de reestruturación parcelaria da zona de concentración parcelaria de **CASTELAUS (CALVOS DE RANDÍN – OURENSE)** foi aprobado con data 11 de setembro de 2018, e dado o avanzado do proceso da revisión cartográfica de dita zona, propónse por parte do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias de Ourense, como data límite o 31 de maio de 2022.

Vistas a *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, de 12 de enero de 1973*, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais disposicións vixentes de aplicación ao caso,

Esta Dirección Xeral, a proposta do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Ourense, **RESOLVE** establecer, aos efectos previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, para a zona de Castelus (Calvos de Randín – Ourense) como data límite o **31 de maio de 2022**.

A presente resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos no número 1 do artigo 42 da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Desenvolvemento Rural
Inés Santé Riveira

